


MANUAIS PARA O CUMPRIMENTO DA CONDICIONALIDADE

DOCUMENTACIÓN DUNHA EXPLOTACIÓN GANDEIRA



XUNTA DE GALICIA

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE TER UNHA EXPLOTACIÓN GANDEIRA

1.- O QUE VOSTEDE TEN QUE CUMPRIR

En toda explotación gandeira deben estar presentes os seguintes documentos:

1. Libro da explotación.
2. Documentos que acrediten a orixe, identificación e destino dos animais.
3. Documento de identificación bovina (DIB), no caso de explotacións de gando bovino.
4. Libro de rexistro de tratamentos veterinarios e arquivo das receitas.
5. Rexistro de animais mortos na explotación.
6. Rexistro de uso de biocidas (caderno de explotación para rexistro de fitosanitarios e biocidas)
7. Rexistro dos pensos e outros produtos usados na alimentación animal (albarás ou facturas).
8. Resultados de todas as análises efectuadas na explotación, en plantas, animais ou outras mostras de calquera tipo, así como dos controis.

Normativa Comunitaria de referencia	Normativa Nacional de referencia
<p>– Regulamento (CE) 73/2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e instálanse determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os Regulamentos (CE) 1290/2005, (CE) 247/2006, (CE) 378/2007 e derroga o Regulamento (CE) 1780/2003.</p>	<p>Real Decreto 486/2009, polo que se establecen os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deben cumprir os agricultores que reciban pagos directos no marco da política agrícola común, os beneficiarios de determinadas axudas de desenvolvemento rural, e os agricultores que reciban axudas en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión e á prima por arranque do viñado.</p>

1	DATA: 9/9/13 DOSE:	RECEITA Nº: 11220512002832 VÍA ADMIN.:	MEDICAMENTO: VIOLETA 203E DURACIÓN: días	VETERINARIO: DIAGNOSE:	Nº COLEX.: 02-545 INDICACIÓN:
2	Identificación animal (individual de ser o caso): boia entrada de 21/5/13 o 21/8/13	Data inicio tratamento: 9/9/13	Data fin tratamento: 12/9/13	Cantidad medicamento utilizada efectiva: 100 ml	Proveedor do medicamento: Nome e enderezo: VETERGAL - TOL20 Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito): <input type="checkbox"/>
1	DATA: 9/9/12 DOSE:	RECEITA Nº: 1122022002833 VÍA ADMIN.:	MEDICAMENTO: V.R. DURACIÓN: días	VETERINARIO: DIAGNOSE:	Nº COLEX.: 02-545 INDICACIÓN:
2	Identificación animal (individual de ser o caso): boia entrada de 21/5/13 o 21/8/13	Data inicio tratamento: 9/9/13	Data fin tratamento: 10/9/13	Cantidad medicamento utilizada efectiva: 100 ml	Proveedor do medicamento: Nome e enderezo: VETERGAL - TOL20 Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito): <input type="checkbox"/>
1	DATA: 9/9/13 DOSE:	RECEITA Nº: 11220712002834 VÍA ADMIN.:	MEDICAMENTO: DIOXIDIPLEN DURACIÓN: días	VETERINARIO: DIAGNOSE:	Nº COLEX.: 02-545 INDICACIÓN:
2	Identificación animal (individual de ser o caso): BOVINO 944 1994 1061109381861	Data inicio tratamento: 9/9/13	Data fin tratamento: 13/9/13	Cantidad medicamento utilizada efectiva: 100 ml	Proveedor do medicamento: Nome e enderezo: VETERGAL - TOL20 Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito): <input type="checkbox"/>
1	DATA: 9/9/13 DOSE:	RECEITA Nº: 11220612002835 VÍA ADMIN.:	MEDICAMENTO: V.R. DURACIÓN: días	VETERINARIO: DIAGNOSE:	Nº COLEX.: 02-545 INDICACIÓN:
2	Identificación animal (individual de ser o caso): boia entrada de 21/5/13 o 21/8/13	Data inicio tratamento: 9/9/13	Data fin tratamento: 10/9/13	Cantidad medicamento utilizada efectiva: 100 ml	Proveedor do medicamento: Nome e enderezo: VETERGAL - TOL20 Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito): <input type="checkbox"/>

DATOS QUE FARÁ CONSTAR QUEN RECEITE (1) E DATOS QUE FARÁ CONSTAR QUEN ADMINISTRE O TRATAMENTO (2)

2.- PARA CUMPRIR ESTAS OBRIGAS, VOSTEDE DEBERÁ

Ter na explotación os documentos mencionados, correctamente cumprimentados e arquivados.

1. As explotacións bovinas, ovinas e cabrúas e porcinas deben contar cun **libro da explotación**, que debe conservarse un mínimo de 3 anos, dende a última baixa.

- No caso das explotacións bovinas: os datos de rexistro individual dos animais serán acordes cos animais presentes nas explotación e coa base de datos de identificación e rexistro.

No libro figurará: o número de identificación completo de cada animal, a data de nacemento, o crotal da nai (no caso de nacer na explotación), a raza, o sexo, a data de incorporación e a explotación de orixe no caso de ser un animal mercado, a data e o motivo da baixa do animal, indicando a explotación de destino no caso de venda deste.

- No caso das explotacións ovinas e cabrúas: anualmente cubrirase correctamente o censo

total da explotación a 1 de xaneiro. Debe anotarse o censo por especie (ovino ou cabrún) e por categoría de animais: reprodutores machos e femias, non reprodutores menores de 4 meses e non reprodutores de 4 a 12 meses.

Deben aparecer no libro os datos das reses identificadas individualmente: número de identificación, especie (ovino ou cabrún), raza, sexo, xenotipo (se se coñece), data de nacemento, data de identificación, data de entrada e código de identificación da explotación de orixe no caso de reses incorporadas, número de documento sanitario (guía), data de saída, código de identificación da explotación de destino, datos do transporte (matrícula). Tamén debe recoller a substitución dos medios de identificación.

No libro de rexistro tamén deben figurar, separados por especie (ovino ou cabrún), os movementos de entrada ou saída de animais da explotación, indicando o número de animais trasladados e a categoría.

- No caso das explotacións porcinas: no libro rexístranse os movementos de entrada ou saída

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE TER UNHA EXPLOTACIÓN GANDEIRA

da explotación, a súa data, o motivo, o número de identificación dos animais (crotal auricular ou tatuaxe cutánea), o número de animais do lote e o número de Certificado Sanitario Oficial do Movemento (Guía de Orixe e Sanidade Pecuaria). O balance total de animais da explotación rexistrado no libro tras os movementos, debe coincidir co número total de animais presentes na explotación.




2. Conservar durante un mínimo de 3 anos os **documentos relativos á orixe, identificación e destino** dos animais que posuía, transportou, comercializou ou sacrificou. Estes documentos poden ser facturas de compra/venta, certificados veterinarios oficiais para o transporte de animais, documentos de acompañamento de cadáveres...
3. **Documento de Identificación Bovina (DIB)**, e único e intransferible para cada animal da explotación bovina. Os datos contidos neste documento deben ser acordes cos animais presentes na explotación e cos rexistrados no libro da explotación.
Este documento debe sinalar o número de identificación do animal, a súa data de nacemento, sexo, raza, crotal da nai, código de identificación da explotación de nacemento, código de identificación da explotación na que se atopa o animal, país de procedencia, titular e NIF/CIF, e data de incorporación do animal, no caso de que sexa incorporado á explotación procedente doutra.
4. **O libro de rexistro de tratamentos veterinarios** aplicados na explotación ten que atoparse na explotación, xunto coas receitas veterinarias suministradas polo veterinario.

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE TER UNHA EXPLOTACIÓN GANDEIRA

Cada vez que se administre un tratamento a un animal, debe sinalarse no libro a data do inicio e a data do fin do tratamento, o produto administrado, a identificación do animal a tratar, posoloxía, duración do tratamento e o período de supresión do mesmo. Este libro debe conservarse un mínimo de 5 anos.

5. Ter un **registro de animais mortos** no que indicar os animais mortos na explotación, detectados en cada inspección, nos últimos 3 anos. No seu caso, este registro de animais mortos pode estar incluído no libro de explotación.
6. Cubrir correctamente o libro de registro de uso de fitosanitarios e biocidas na explotación.
7. Posuír un registro coa cantidade e orixe dos **pensos e outros produtos** mercados para alimentar aos animais da explotación, co obxecto de poder identificar en todo momento aos operadores que subministraron algún produto deste tipo, e da cantidade e destino de cada saída de pensos ou alimentos destinados a animais, incluídos os grans, para identificar aos operadores aos que a explotación subministrou produtos. No seu caso, este registro pode substituírse polos albarás ou facturas, oportunamente arquivados.

8. Gardar os **resultados de todas as análises** realizadas na explotación a plantas, animais ou outras mostras de produtos que podan afectar á saúde humana.
9. Gardar os **informes ou actas de todos os controis** realizados na explotación aos animais ou produtos de orixe animal.
10. Gardar o resgardo de **entrega de residuos perigosos** a un xestor autorizado ou a un sistema integrado de xestión.



DOCUMENTACIÓN QUE DEBE TER UNHA EXPLOTACIÓN GANDEIRA

DATA	DIAGNOSE	RECEITA Nº	MEDICAMENTO	CANTIDADE DOSE
17.9.13	Díscnea Neumonia	Boxon	Vanco Spectin	3
11	Díscnea	Boxon	Colimix	1

3.- RECORDE QUE:

No caso de que vostede non cumpra con algunha das obrigas da condicionalidade ou se non colaborara cos inspectores da Consellería do Medio Rural e do Mar, poden reducirse ou mesmo anularse as axudas da PAC que percibe.

INFORMACIÓN ADICIONAL

No caso de necesitar máis información respecto á condicionalidade, pode solicitala nas Oficinas Agrarias Comarcais ou nos Servizos Provinciais de Gandería da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Tamén dispón de información sobre a condicionalidade en http://www.medioruralemarr.xunta.es/nc/es/fogga/politica_agraria_comun/condicionalidad/ ou na Oficina Agraria Virtual (<http://emediorural.xunta.es/oav>)

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE TER UNHA EXPLOTACIÓN GANDEIRA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Benvido á oficina agraria virtual da Consellería do Medio Rural e do Mar

A oficina agraria virtual é unha ventanilla de atención ao usuario en Internet. Dende este punto atoparanse servizos orientados aos cidadáns tanto para consulta de datos de carácter persoal, como para a realización de trámites administrativos.

Para acceder aos servizos persoais proporcionados dende este sitio deberá posuír un usuario e contrasinal proporcionado pola Consellería, ou no seu lugar ter un certificado dixital da FNMT que o autentique ante o sistema.

Cidadáns

Zona de acceso para cidadáns en xeral relacionados co sector rural: gandeiros, agricultores, viticultores ...

Acceso con claves

NIF / Cod. EI Entrar
Contrasinal
 Lembrar contrasinal

Acceso libre

Acceso a trámites que non necesitan autenticación



XUNTA
DE GALICIA

Copyright. Consellería do Medio Rural e do Mar. Xunta de Galicia. Todos los derechos reservados.